

# CONSIDERACIÓNS ÉTICO-DEONTOLÓXICAS ACERCA DA TERAPIA ONLINE

*Este artigo é unha colaboración da **Comisión de Ética e Deontoloxía** para a **Circular Informativa** do COPG N° 283, prevista para publicar en abril, aprazada por motivo da emerxencia sanitaria pola COVID-19.*

*Dado o seu interese nas actuais circunstancias, adiantámola neste envío.*



A crise sanitaria motivada pola COVID-19 incrementou de maneira considerable as terapias online e seguramente moitos/as profesionais que ata ese momento non as realizaban, se viron empuxados a iso a fin de non deixar os seus pacientes sen a debida atención psicolóxica.

Desde a Comisión de Ética e Psicoloxía do COPG queremos trasladarvos algúns aspectos importantes para a realización das terapias online ou telepsicoloxía a ter en conta tanto na situación actual de emerxencia, como en calquera ocasión na que utilizemos estes recursos online e que deberán cumprir os mesmos estándares éticos e profesionais que a práctica presencial.

Por tanto, as recomendacións que imos dar deberán ser utilizadas xunto ao Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a:

- Ademais da normativa vixente en materia de protección de datos, debemos cumprir coa lei 34/2002 de Servizos da Información e do Comercio Electrónico (LSSICE) e coñecer as principais leis e regulamentos que rexen a prestación de servizos psicolóxicos do país no que se atopa situado a persoa usuaria/paciente.
- Seleccionar as aplicacións e medios tecnolóxicos que consten coa adecuada verificación, confidencialidade e sexan seguros en canto á protección dos datos das persoas.

## CONSIDERACIÓNS ÉTICO-DEONTOLÓXICAS ACERCA DA TERAPIA ONLINE

- Verificar a identidade da persoa usuaria mediante documento acreditativo.
- Informarlle sobre os riscos potenciais de confidencialidade dos datos antes de utilizar as tecnoloxías como ferramenta terapéutica.
- Obter de maneira apropiada o consentimento informado no que conste a forma na que se van a dar os servizos (videoconferencia, e-mail, programas interactivos, etc.), como se van recoller e archivar os datos, os límites da confidencialidade e os procedementos previstos se xurdisen situacións de emerxencia.
- Vixiar a seguridade dos dispositivos que se utilicen para a intervención e o acceso doutras persoas aos mesmos.
- A persoa usuaria debe coñecer o custo dos servizos antes de contratalos e os cambios

que poderían afectarlle pola modificación de tales servizos.

- Facer fincapé en que a persoa usuaria respecte unhas condicións básicas para garantir a seguridade e privacidade (non presenza de terceiras persoas non implicadas na terapia).
- Dispoñer dun “plan B” en caso de interrupción da comunicación por videoconferencia (usar o teléfono, por exemplo).

Ademais de todo o mencionado en relación coa confidencialidade, a privacidade e a transparencia para realizar un traballo responsable, o profesional deberá coñecer as vantaxes e inconvenientes das terapias online, as súas limitacións e contraindicacións a fin de manter a calidade, eficacia e seguridade da intervención.



### Referencias:

- <http://www.cop.es/pdf/telepsicologia2017.pdf>
- <https://www.copmadrid.org/web/publicaciones/guia-para-la-intervencion-telepsicologia>
- Joaquín Manuel Pastor Morales, Carmen del Río Sánchez (2018) *Ética Profesional en salud mental*. Ed. Pirámide.